



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A ENTIDADE **ASOCIACIÓN SÍNDROME DE DOWN DE LUGO** PARA A EXECUCIÓN DUN PROXECTO DE REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE E INTEGRACIÓN

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2019

REUNIDAS

Dunha parte

Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 98/2018, do 26 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e en virtude do establecido no Decreto 88/2018, do 26 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, e no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

Doutra parte

Dona María José Blanco Freire, con DNI 33840089M, Presidenta da Asociación Síndrome de Down de Lugo (en adiante DOWN LUGO) con NIF G-27202043, en exercicio das súas competencias, de acordo co establecido no artigo 7 dos Estatutos aprobados polo Padroado da asociación en data 28 de marzo de 2015

EXPOÑEN

- I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia



social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

III. Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 177/2016, do 15 de decembro, e ao Decreto 176/2015, do 3 de decembro.

IV- DOWN LUGO, que figura inscrita no Rexistro único de entidades prestadoras de servizos sociais co número E-0916, ten por obxecto a promoción e realización de todas cantas actividades contribúan á mellora das condicións e da calidade de vida das persoas con síndrome de Down ou, en xeral con discapacidade intelectual, procurando a súa plena e efectiva inclusión na sociedade.

IV.- Así mesmo e, de acordo co recollido nos seus estatutos, DOWN LUGO é unha entidade sen ánimo de lucro, que ten entre as súas actividades:

Demandar das administracións públicas competentes o establecemento de medidas que garantan o dereito da igualdade de oportunidades para as persoas con síndrome de Down, e en xeral con Discapacidade intelectual.

Promover a participación activa e responsable das persoas con síndrome de Down nas actividades habituais do seu entorno social e a utilización dos recursos ordinarios da comunidade na que viven.

Deseñar e desenvolver proxectos innovadores que contribúan a mellorar a inclusión familiar, escolar, laboral e social das persoas con síndrome de Down e, por extensión, de todas as persoas con Discapacidade intelectual.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no Decreto 177/2016, do 15 de decembro e no decreto 176/2015, de 3 de decembro e no seu artigo 20, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social

Polo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,



ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración de conformidade coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Política Social e DOWN LUGO para o desenvolvemento dun proxecto consistente na realización de actividades de aprendizaxe e integración social e laboral de dúas persoas con síndrome de down ou discapacidade intelectual, seleccionadas por DOWN LUGO, mediante prácticas formativas, en todo caso en dependencias situadas na cidade de Lugo.

Trátase dun programa formativo que pretende dotar aos participantes no mesmo das competencias (coñecementos, habilidades e actitudes) e aptitudes necesarias para facilitar e mellorar a súa futura integración na sociedade e no mercado laboral, aprendendo e poñendo en práctica técnicas e ferramentas útiles para o desempeño profesional eficaz.

As prácticas realizaranse durante o tempo de vixencia deste convenio e ata o seu remate. A incorporación dos participantes poderá ser paulatina ao longo da duración do convenio. E no caso de que algunha das persoas participantes non poida continuar ou abandone as prácticas poderá ser substituída por outra, nos termos da cláusula seguinte, polo tempo restante ata o remate do convenio.

As prácticas terán unha duración máxima de 20 horas semanais durante o tempo en que as persoas participantes as realicen, a razón de 4 horas diarias distribuídas libremente dentro do horario normal de 8.00 a 15.00 h. En todo caso a duración da práctica será acorde coas capacidades das persoas que as realicen, podendo ser inferior a duración máxima indicada.

A presenza das persoas que realicen as prácticas non afectará en ningún caso ao normal funcionamento dos servizos.

SEGUNDA: Selección de persoas participantes e actuacións a desenvolver

DOWN LUGO realizará un proceso de selección das persoas que vaian a participar no proxecto, conforme aos principios de obxectividade, igualdade, e transparencia,



valorando a súa formación académica, e aptitudes de aprendizaxe con vistas á súa futura integración laboral. Seleccionaranse a dous participantes no proxecto e un listado de suplentes para cubrir as posibles baixas que se poidan producir durante o tempo de execución deste convenio.

As persoas seleccionadas realizarán a actividade formativa que forma parte deste convenio nas dependencias da Consellería de Política Social en Lugo, de acordo co plan de formación que figura como anexo ao presente convenio.

TERCEIRA: Orzamento

Para a execución deste convenio, a Consellería de Política Social achegará unha cantidade de **vinte mil euros (20.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.04.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019, na que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

CUARTA: Obrigas das partes

A colaboración da Consellería de Política Social no bo fin do proxecto formativo comprenderá:

- a) A posta a disposición das instalacións e os medios axeitados para o desenvolvemento das actividades propias da formación.
- b) Dar formación práctica, respecto ás materias recollidas no plan formativo que figura no anexo ao convenio, a dous participantes sobre distintas funcións de carácter administrativo que serán desenvolvidas nas dependencias nas que se realicen as prácticas; supervisada e dirixida durante toda a súa duración por un titor (empregado da Xunta), que será o seu formador e/ou coordinador.
- c) A achega a DOWN LUGO para o seu programa formativo será de 20.000,00 euros, que serán destinados a sufragar os gastos derivados da execución do convenio segundo o orzamento presentado por DOWN LUGO.

As obrigas da DOWN LUGO serán as seguintes:

- a) Cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario recollidos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e as obrigas dos beneficiarios recollidas no artigo 11 de dita norma.



- b) Cumprir as obrigas pactadas no presente convenio, e todas aquelas que directa ou indirectamente deriven do mesmo.
- c) Seleccionar coa maior obxectividade a dous candidatos para a realización das prácticas, adecuando dita selección a criterios de igualdade e transparencia.
- d) Formalizar con cada participante ou, no seu caso, co representante legal deste, un documento de aceptación e concertar ao seu favor un seguro de accidentes que cubra tódolos posibles sinistros derivados do desenvolvemento do programa, abonando puntualmente as primas correspondentes. O importe de dita póliza está incluído na cantidade a que se fai referencia no apartado c) das obrigas da Consellería de Política Social.
- e) Aboar a cada participante unha compensación económica para compensar o custo da participación no programa formativo. As compensacións dos participantes poderán diferir entre si en proporción ao tempo de duración das prácticas e aos custos que estes teñan que soportar (desprazamento, manutención,...). En todo caso, a compensación de cada participante non poderá superar unha vez e media o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM).
- f) DOWN LUGO, para os efectos do cumprimento deste convenio, poñerá a disposición dos participantes a figura dun preparador laboral que actuará como supervisor de todo o programa e que, en coordinación co titor establecido pola Xunta de Galicia, fará un adestramento dos participantes para a adquisición das aprendizaxes establecidas no Plan Formativo recollido no anexo
- g) Xestionar cos participantes as posibles incidencias ao longo da vixencia do programa formativo e realizar, nos casos en que sexa necesario, tarefas de apoio e formación dos participantes nun horario distinto ao das prácticas.
- h) Achegar á consellería, ao remate do período en prácticas de cada usuario, un informe das actuacións realizadas. Ao inicio do período de prácticas de cada usuario terán que achegar xustificante do pagamento do seguro de accidentes correspondente.
- i) Cumprimentar calquera información que deba ser proporcionada a requirimento da Dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, de acordo coas instrucións que se lle formulen, así como manter á disposición da



Consellería de Política Social toda a documentación vinculada ao convenio que obre no seu poder.

ii) Por outra banda DOWN LUGO adquire tamén os compromisos e obrigas de: dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: “financiado pola Consellería de Política Social”.

Rematado o período de prácticas os participantes recibirán un certificado das mesmas, asinado por DOWN LUGO, onde figurarán o tempo de prácticas e as actividades realizadas, segundo o informe emitido polo titor asinado pola Xunta.

QUINTA.- Obrigas e documentación pola concesión da subvención

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, subscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera



Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

SÉTIMA: Forma de pagamento

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria nas seguintes condicións:

- a) Efectuarase un pagamento do 30 % da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.
- b) O 70% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015 e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento.

Para a tramitación das condicións de pagamento previstas, DOWN LUGO queda exonerada da constitución de garantía ao entrar no suposto previsto no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións de Galicia.



OITAVA: Gastos subvencionables e xustificación

Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei de subvencións de Galicia. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada.

Con relación á **anualidade 2019**, a finalización do período de xustificación remata o **10 de decembro de 2019**. Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite a primeira quincena de febreiro de 2020.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor.

Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

Coa xustificación final do convenio ou, en todo caso, ao remate deste, de acordo co artigo 51 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei de subvencións, deberá presentar:



Unha memoria final do proxecto realizado en execución deste convenio, no cal se describirá o procedemento de selección dos participantes, as practicas realizadas por estes con indicación das tarefas desenvolvidas e períodos de prácticas, etc. Farase un especial fincapé nos resultados obtidos, principalmente de cara a inserción socio-laboral dos participantes.

Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluírá a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

Unha declaración responsable de non ter recibido outras axudas para as actividades obxecto deste convenio ou, de percibilas, detalle doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e a súa procedencia.

A efectos de proceder á xustificación dos pagos da subvención do custe salarial, a entidade beneficiaria deberá presentar, referida á mensuralidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- a) Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
- b) Recibos de salarios
- c) Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados
- d) Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)



Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia.

De non xustificaren o importe total obxecto do convenio, e sempre e cando se tivera acadado o seu obxecto, a Consellería de Política Social minorará a súa achega proporcionalmente ao non xustificado. No seu caso estarase ao réxime de reintegro e sancionador recollido na Lei de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

NOVENA.- Incumprimentos, reintegros e sancións.

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada polo beneficiario se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Incumprimento parcial: sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.



Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto da subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.

DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral

A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

As prácticas realizadas polos participantes versarán sobre o establecido no Anexo- Plan Formativo. En calquera caso, os participantes non poden realizar un traballo produtivo, substituír labores dun empregado público, nin actividades propias dunha categoría profesional determinada.

As persoas que realicen as prácticas estarán cubertas cun seguro, contratado por DOWN LUGO, na cobertura dos riscos de accidente, así como, no seu caso, cobertura da Seguridade Social, dos que en ningún caso se poderá esixir responsabilidade á Consellería de Política Social.

As continxencias derivadas da responsabilidade civil das persoas en prácticas estarán garantidas por unha póliza subscrita pola DOWN LUGO cunha compañía se seguros.



DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes de DOWN LUGO. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas Consellería de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.-Vixencia

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2019.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, inicio do período en prácticas obxecto deste proxecto.

DECIMO TERCEIRA.- Publicidade

De conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno, a Xunta de Galicia, a través da Consellería competente en materia de administracións públicas, manterá un rexistro de convenios público e accesible no que se fará pública a información prevista na normativa básica en materia de transparencia. A estes efectos este convenio será obxecto de inscrición en



cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Adicionalmente, en canto ao réxime subvencional, e de segundo o previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, cos artigos 15 e 16 da Lei

9/2007, do 13 de xuño, e coa autorización expresa da entidade beneficiaria, a Consellería de Política Social remitirá os datos necesarios para a súa inclusión e publicidade nos rexistros públicos de axudas. Así mesmo comunicará na súa páxina web oficial os seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

.DÉCIMO CUARTA.- Protección de datos

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 27 de abril de 2016, relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados, en canto ao réxime subvencional, na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.



O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Así mesmo e na parte correspondente á colaboración propiamente dita, a entidade conveniente será responsable do tratamento dos datos e dos consentimentos das persoas interesadas de acordo co Regulamento xeral de protección de datos aos efectos da súa debida comunicación.

DÉCIMO QUINTA.-Réxime xurídico

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo dun mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto



presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes en triplicado exemplar no lugar e data expresado.

Pola Consellería de Política Social Pola Asociación Síndrome de Down de Lugo

Fabiola García Martínez

María José Blanco Freire



ANEXO – PLAN FORMATIVO

Materias sobre as que versará a formación:

- Estrutura xeral da Xunta de Galicia
- Competencias atribuídas aos diferentes departamento e entes
- Funcións atribuídas aos diferentes tipos de empregados públicos
- Funcionamento dos sistemas de custodia e traslado de información e documentación entre distintos departamentos da Xunta de Galicia, así como con persoas ou entidades alleas á Xunta.
- Tarefas de apoio ao persoal de administración (reprografía, encadernación,...)

En calquera caso, os participantes non poden realizar un traballo produtivo nin substituír as labores dun empregado público. Tampouco poden realizar actividades propias dunha categoría profesional determinada.

A figura do TITOR:

Cada participante recibirá a súa formación dirixida durante toda a duración da bolsa por un titor, que actuará en colaboración co preparador laboral designado por DOWN LUGO. O preparador laboral será o coordinador e responsable da súa formación.

O titor ou titores deberán ser designados pola Consellería de Política Social previamente ao inicio das prácticas.

Os titores deberán ter pleno coñecemento das funcións e responsabilidades que esa condición supón e deberán asumir que a súa actuación será en todo caso como formador e non como superior xerárquico da persoa que titorice.

As funcións concretas dos titores na formación recolleranse de forma clara no plan formativo individualizado de cada participante seleccionado, que DOWN LUGO realizará en función das aptitudes e capacidades de cada persoa que realice as prácticas. Estas funcións consistirán no asesoramento, orientación e dirección que debe realizar cada titor para coordinar de forma eficaz as tarefas que debe realizar o participante, así como para avaliar o grao de cumprimento



dos obxectivos planificados. O plan formativo de cada participante será entregado ao seu titor, debendo quedar constancia da súa entrega e da aceptación das responsabilidades derivadas para este.

Ademais do persoal que acompañe as persoas participantes nas labores prácticas, os titores estarán asistidos sempre que o consideren necesario polo preparador laboral da DOWN LUGO e polos profesionais de servizos sociais que traballan na Consellería de Política Social.